

REGULAMENTO RÉXIMEN INTERNO.

- 1) FINALIDADES DO REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.
- 2) O CLUBE.
- 3) O ORGANIGRAMA DA XUNTA DIRECTIVA.
- 4) O DIRECTOR DEPORTIVO – COORDINADOR XERAL.
- 5) FORMADORES – ADESTRADORES.
- 6) XOGADORES.
- 7) DELEGADOS.
- 8) FAMILIARES.
- 9) INFRACIÓNS.
- 10) SANCIÓNNS.
- 11) COMITÉ SANCIONADOR.

1. FINALIDADES DO REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO / ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O presente Regulamento De Réximen Interno, regulará a organización e funcionamento do clube dentro do marco constituído pola legislación deportiva vixente que resulta da aplicación e mantemento pleno ó establecido no seu ideario e estatutos.

Co obxectivo de conseguir o mellor funcionamento posible do clube, faise obrigado o cumprimento dunha serie de normas para manter o orden e creando unha boa dinámica de convivencia entre tod@s as persoas do clube. Exercendo o clube a tutela e disciplina.

1.1 O regulamento interno pretende crear un conxunto de normas, valores e criterios de funcionamento, así como un réxime disciplinario que permita cumprir os obxetivos do clube. A parte dos Estatutos do Clube.

1.2 Todas aquelas persoas que integran a disciplina do clube, directa ou indirectamente, sexa en postos remunerados ou non, comprométense a coñecer, cumprir e facer cumprir as normas do Réximen Interno, confirmando a súa colaboración e aceptación coa firma, previo pago dos importes da alta dos xogadores no clube.

1.3 O Regulamento de Réxime Interno, pode ter excepcións ou normas propias independentes nos diferentes equipos e categorías (máis extricas ou flexibles) para un mellor rendemento nos obxetivos, dadas as características propias de cada grupo (idades, dependencia de adultos, madurez, xénero, tipo de competición F8 ou F11, etc). Estas excepcións serán comunicadas e aceptadas polos coordinadores, e só terán validez para o equipo ou circunstancia no que forón aprobadas.

1.4. A todos os efectos coordinadores, adestradores, delegados, xogadores e familiares serán responsables das accións punibles cometidas por calquera persoa relacionada a eles. O incumplimento,

por parte das persoas relacionadas no apartado anterior de calquera das obrigas recollidas no presente Regulamento e especialmente nas relativas a:

- O respecto e cumprimento das normas e reglamento da competición.
- A falta de dedicación, esforzó, ou mantemento da condición física adecuada para o desenrolo da actividade (descansos, alimentación, etc).
- O respecto pola imaxe persoal e do Clube.

Facultará ó Clube, a través da Dirección Deportiva, para impoñer as sancións pertinentes, poidendo incluso, no caso de gravidade ou reiteración a expulsión do Clube.

A ignorancia das normas non exime do seu cumprimento.

O Ámbito de Aplicación será o seguinte:

+Persoal:

- Xogadores inscritos nos equipos do clube, dende a súa alta a súa baixa.
- A todo o persoal técnico dos equipos.
- A todo ós país/nais e familiares dos deportistas inscritos dende o momento da inscrición hasta a súa baixa.

+Espacial:

- Calquera instalación deportiva, local, edificio ou espacio ós que se desplacen os xogadores, ben sexa de modo esporádico ou de modo habitual, para realizar as actividades deportivas ou de representación do clube.

+Temporal:

- Durante o tempo ordinario da actividade deportiva, según as previsións do calendario.
- Durante todo o ano naquelas actividades complementarias que estén baixo responsabilidade ou supervisión do persoal do clube.

2. O CLUBE.

O obxectivo principal do clube é a formación integral, continuada e progresiva dos seus soci@s tanto no deportivo como no social. No clube pensamos que todas as persoas están capacitadas e teñen dereito a participar nas actividades deportivas e sociais que se programen. Un dos obxetivos do clube é que todos os socios teñan un equipo no que exercer a práctica do fútbol dende os 4 anos en adiante, sin ningún tipo de discriminación.

Damos tamén importancia principal,(nas categorías de fútbol base dende biberóns ata Alevins, ambos inclusive, a formación e diversión antes que a competitividade, primando desenrolo dos valores sociais como a participación, pertenza o grupo, compañerismo, deportividade, igualdade, respecto, esforzó e compromiso sin renunciar a competir. Nas categorías infantis e cadetes serán categorías de un carácter mais competitivo en calqueira acto que participe o clube. Terase en conta e primarase sempre a implicación, esforzo e comportamento por encima de outras capacidades. Así mesmo sinalamos tamén o ánimo dun carácter corrector e formador deste Regulamento de Réximen Interno, antes que castigador (sobre todo nos máis cativos).

2.2 O obxectivo específico do clube, a nivel deportivo e a formación física, psicolóxica, táctica e técnica para o desenrolo do fútbol.

2.3 Para a consecución dos obxetivos o clube fará unha planificación integrada considerando as edades, o proceso evolutivo, crecemento intelectual e progresión técnica para formar xogadores e persoas. Esta planificación estará feita e supervisada por persoal competente e coa titulación necesaria.

2.4 Corresponde o clube, a través da Xunta Directiva, o resolver calquera interpretación ou cuestión, que non se atope no Regulamento Interno.

3. O ORGANIGRAMA DA XUNTA DIRECTIVA

O clube a través da súa xunta directiva, establecerá un organigrama deportivo. No referente ó nombramento cese ou cambio de cargos e funcións que formen dito organigrama, igualmente correspondentes a xunta directiva. Utilizando as canles de comunicacións pertinentes para información de ditos sucesos.

4. DIRECTOR DEPORTIVO/ COORDINADOR XERAL.

O cargo de Director Deportivo ten por obxeto o establecemento dun responsable fundamentalmente nos aspectos deportivos que afecten directa ou indirectamente o clube. As funcións dentro do ámbito deportivo son:

4.1 Actuar conforme ós principios de comportamento do clube, transmitindo una imaxe correcta do mesmo.

4.2. Representalo clube e con profesionalidad e compromiso para melloralo.

4.3. Propoñer a xunta directiva o nombramento e cese dos cargos deportivos que compoñen ó organigrama do clube nas categorías base.

4.4. Axudar as tarefas dos cargos deportivos para que teñan os medios

materiais e humanos necesarios para desempeñar as súas función.

4.5. Supervisar e avaliar o traballo dos cargos deportivos.

4.6. Planificar, as competicións e actos deportivos nos que participe o clube.

4.7. Programar os adestramentos e horarios dos partidos semanais, de acordo coa disponibilidade dos adestradores, instalaciónse dos obxetivos.

4.8. Dirixir os grupos de traballo que formen os equipos.

4.9. Programar as actividades deportivas, sociais e lúdicas que se programen.

4.10. Según a categoría, recopilar datos de todos os xogadores e realizar una ficha de cada un sobre aspectos físicos, técnicos e conceptuales, familiares, académicos e de comportamento con seguimento, corrección e mellora dos contidos da ficha. En base a ficha facer avaliacións persoais periódicas para os tutores, onde se manifieste a progresión e os seguintes obxetivos a traballar.

4.11. Incorporar ós xogadores necesarios para cumprir os obxetivos do clube, en base as normas.

4.12. Representar os intereses do clube nos estamentos que a xunta directiva estime oportuno.

4.13. Convocar e presidir as reunións de traballo cos adestradores e delegados do equipo.

4.14. Establecer xunto cos coordinadores os métodos de avaliación dos xogadores.

4.15. Relación periódica e directa cos coordinadores, entrenadores e portavoces do fútbol base así como cos adestradores e portavoces do Fútbol senior.

4.16. Respetar e asumir como propias as decisións da xunta directiva.

4.17. Velar polo cumprimento do proxecto deportivo e social do clube.

5. ADESTRADORES

Os adestradores son pezas claves para o desenvolvemento do fútbol base. Sobre eles, recae a labor de formar e instruír ós xogadores. Por iso, dende a área deportiva do club, velarase para que o seu traballo sexa recoñecido, valorado e respetado por todos os xogadores e familiares, sendo a falta de respecto hacia eles un dos principais aspectos a hora de sancionar.

O club tratará de que todos os equipos dispoñan do número de formadores ou adestradores necesarios para o desenvolvemento da planificación de tempada e o cumprimento dos obxetivos.

5.1.0 PRIMEIRO ADESTRADOR / FORMADOR

O adestrador/formador deberá representar os valores e principios do club, sendo exemplo de comportamento no trato tanto entre os seus propios xogadores como fronte ós demais, e moi especialmente durante o desenvolvemento fronte outros equipos. Deberá ser un exemplo de comportamento no respecto os deportistas do seu equipo, do equipo rival, así como das autoridades deportivas, árbitros ou aficionados. Deberá estar cualificado e acreditado para o desempeño da súa función. O adestrador deberá:

5.1.1 Programar a tempada.

5.1.2 Realizar o seu traballo programado e sendo distribuído nas sesións de adestramentos, nunca deberá improvisar.

5.1.3 Realizar correctamente e na fecha, aqueles test ou traballos que o Coordinador Xeral lle pida.

5.1.4 Propoñer o Coordinador Xeral o seu equipo de colaboradores que será sempre aceptado e supervisado por este.

- 5.1.5** Propoñer o corpo técnico a plantilla de xogadores.
- 5.1.6** Manter contacto estreito e asiduo co Coordinador Xeral e o delegado do equipo.
- 5.1.7** Informar de calquera situación anómala o problema que xurda en partidos ou adestramentos con respecto a deportistas, familiares, delegados, material, instalación ou calqueira outra circunstancia destacable.
- 5.1.8** Procurar que os seus delegados realicen o traballo correctamente.
- 5.1.9** Dirixir os adestramentos e partidos do seu equipo, chegando con puntualidade tanto a estes como ós actos programados polo clube.
- 5.1.10** Aplicar o réxime de sancións acordes coas faltas dentro do seu grupo, previa aprobación do Coordinador Xeral.
- 5.1.11** Coñecer e vixiar o cumprimento das normas.
- 5.1.12** Aceptarán o paso provisional, definitivo ou circunstancial de xogadores a equipos de superior categoría (o que fomentarán) ou inferior, así como acatarán a subida e baixada de xogadores de equipos de inferior categoría según criterios a o Coordinador Xeral.
- 5.1.13** Manter a disciplina do grupo dentro e fóra do clube, sendo responsable directo do seu equipo.
- 5.1.14** Non suspender/modificar os horarios ou días de adestramento, sen coñecemento do coordinador correspondente.
- 5.1.15** Manter todas as reunións que a Dirección Deportiva estime oportunas.
- 5.1.16** Manter e responder ante o material entregado para uso do equipo.
- 5.1.17** Manter a instalación e material común usado en adestramentos e partidos en perfecto estado.
- 5.1.18** Custodiar as fichas do seu equipo.
- 5.1.19** Non usar o nome do clube sen permiso da Coordinación Xeral.
- 5.1.20** Non permitir que ningún familiar interfira nas súas decisións.
- 5.1.21** Dar apoio moral os xogadores independentemente do seu

rendimento persoal e dos resultados, falar con eles escoitalos e saber cómo se sinten, tratando sempre de motivalos para que mellore ese rendimento.

5.1.22 Reducir a frustración provocada polos erros ou resultados, resaltando ós avances e o que se fai ben, dar a información necesaria para correxir e aprender. Finalizar sempre de forma positiva.

5.1.23 Manter un equilibrio emocional que permita ós xogadores ter un modelo adecuado por parte do formador, non berrar, non enfadarse, non insultar, non ridiculizar a ninguén.

5.1.24 Dar importancia o proceso de formación e non os resultados, independentemente si é positivo ou negativo. Trataremos de priorizar o progreso do grupo e non do individual.

Nas categorías F8 trataremos sempre de repartir o tempo de xogo entre os xogadores sen desequilibrios, premiando o compromiso e esforzó por encima das capacidades técnicas.

5.1.25 Observar ós xogadores e detectar os posible síntomas de estrés, desmotivación ou preocupación tratando de axudalos.

5.1.26 Entender que o erro nos xogadores é parte do proceso de formación.

5.1.27 Ser consciente da diversidade do grupo coas diferentes características psicolóxicas, físicas, emocionais, madurativas e circunstanciais que obrigan a identificalas para motivar a todo o grupo.

5.1.28 Tratar a todo o grupo co mesmo respecto, mesmo criterio e mesmo xeito.

5.1.29 Dispensar un trato humano e reforzar as accións correctas, con amplitude profesional para dar una boa imaxen do clube.

5.1.30 Respetar e asumir como propias as decisións que por ben do clube tome a Xunta Directiva.

5.1.31 Establecerán xunto cos coordinadores un sistema de premios, sancións e castigos que vaian a corde coas faltas ou situación producidas no equipo.

5.1.32 Velar polo cumprimento activo do Regulamento de Réxime Interno en todo os niveis da súa área.

* Os adestradores de Fútbol Base terán que facerse cargo dos cativos dende a hora marcada nos adestramentos, ata que os pais os recollan, non poidendo nunca deixar un cativo sen tutela.

6. XOGADORES.

* Todos os xogadores que formen parte do clube deben cumprir estes dous requisitos: Querer xogar o fútbol e ter responsabilidade para facelo.

O obxectivo fundamental dos xogadores será o de progresar na súa formación persoal a través da práctica do fútbol, sempre respetando e cumprindo os principios que inspiran o clube.

6.1 Como obxetivos específicos se establecen:

6.1.2 A creación de un vínculo de compañerismo e respecto ó grupo que perteneza.

6.1.3 O seu esforzo persoal para conseguir o máximo nivel deportivo, individual e colectivo que as súas características persoais e deportivas lle permitan.

6.1.4 Compromiso activo para cumprir e facer cumprir as presentes normas dentro e fóra do clube.

6.1.5 Facilitar a progresión do grupo a través dos actos que se desenrolen, con puntualidade, compañerismo e respecto.

6.2 Ademáis, todos Os xogadores virán suxeitos polas seguintes normas:

6.2.0 Respeto con todos os membros do clube (adestrador,

coordinadores, delegados, socios, directivos...) cos contrarios, árbitros e público en xeral evitando e non respondendo as provocacións que poidesen derivarse durante os actos nos que se represente o clube.

6.2.1 Non se permitirán actos de menosprecio, insultos, agresións bromas pesadas nin a compañeiros nin a ningunha outra persoa.

6.2.3 Non se utilizará vocabulario malsoante.

6.2.3 Asistir ós adestramentos, partidos e actos que organice o clube coa roupa e material requeridos polo clube. Non se podrá levar reloxo, pendentes, piercings ou outros elementos que podan ocasionar danos a un mesmo ou a un compañeiro durante os adestramentos.

6.2.4 Xustificar as ausencias e faltas de puntualidade. Non abandonar nunca a disciplina do adestramento ou partido sen consentimento do adestrador.

6.2.5 Os xogadores deben acudir a todos os adestramentos. Cando exista una ausencia o porán en coñecemento do adestrador, única persoa válida para conformar a citada ausencia.

6.2.6 Todo xogador convocado, está obrigado a asistir puntualmente a hora e lugar fixados polo adestrador, salvo autorización expresa deste.

6.2.7 Acatará as ordes e directrices do adestrador no referente a aspectos deportivos e de conducta.

6.2.8 Acatará as ordes e directrices de calquer cargo do clube, coordinador ou directivo.

6.2.9 Cuidará as intalacións e material.

6.2.10 Colaborará activamente nas actividades que o clube propoña.

6.2.11 O xogador poderá participar en outras actividades deportivas.

6.2.12 O Xogador tendrá en conta practicar outras actividades que manifiesten ou poidan acarrexar risco de lesións.

6.2.13 Non poderá acudir a adestramentos ou probas para integrarse a disciplina noutros clubes sen o consentimento por escrito da Xunta Directiva.

6.2.14 Aceptarán o paso provisional, definitivo ou circunstancial a equipos de superior ou inferior categoría según os criterios da coordinación.

6.2.15 Asumiran con respecto as sancións disciplinarias as que poidese ser sometido.

6.2.16 Ó finalizar o partido, daremos sempre a man o árbitro e ós rivais, gañemos ou perdamos, pase o que pase.

7. DELEGADOS DE EQUIPOS.

7.1 Manterá estreito contacto co adestrador do seu equipo e velará polas directrices da Xunta Directiva informando a esta de calquera anomalía.

7.2 Velará porque o adestrador realice os traballos que lle encomenden nos prazos fixados.

7.3 Coidará de que o trato entre xogadores e adestrador sexa o correcto.

7.4 Velará xunto co adestrador en que o material e as instalacións estén en perfectas condicións, informando de calquera anomalía.

7.5 Coordinará o traballo para cumplimentar as fichas.

7.6 Deberá estar en contacto cos equipos rivais para especificar a fecha e celebración dos encontros.

7.7 será o encargado de transmitir e coordinar a entrega e recollida da documentación e información do seu equipo.

7.8 Será función principal colaborar nas funcións que os coordinadores e adestrador lle asignen para o seu equipo.

7.9 Representará ó equipo nos partidos sendo o enlace entre o árbitro, o equipo rival e o adestrador.

7.10 Instruirá ós xogadores para que actúan sempre coa máxima deportividade e corrección.

7.11 Identificarase ante os árbitros e presentará a documentación necesaria dos xogadores, adestradores e auxiliares na hora prevista

polo árbitro.

7.12 Se é necesario firmará a acta do partido, e a verificará a finalización do encontro, para comprobar que todo está correcto.

7.13 Debe poñer en coñecemento do árbitro calquera incidencia que se haxa producido antes, durante o despois do encontro.

7.14 Comprobará as intalacións cando o equipo as abandone, comprobando que todo queda en orde.

7.15 Trasladará o coordinador ou os adestrador toda a información e documentación que reciba no lugar do encontro disputado.

7.16 Velará polo cumprimento do Regulamento do Réxime Interno en todo o seu ámbito.

7.17 Informará puntualmente o Coordinador Xeral de aqueles actos que afecten a boa marcha do equipo.

7.18 Deberá informarse do horario e lugar dos partidos e comunicalos ó adestrador, este lle comunicará a hora e lugar de saída, encargándose o delegado de calquera contratempo que poda ocorrer (contratación de transporte, rutas, sitios para comer, etc).

7.19 No caso de producirse una lesión dun xogador que requira atención médica, o delegado será o encargado de cubrir todas as necesidades de acompañamento, transporte, documentación necesaria, centro o que acudir, comunicación a familia, etc.

7.20 Si durante un partido intuimos alguna irregularidade por parte do contrario, avisará o árbitro antes, no descanso ou o remate do partido para que se reflecta no acta.

7.21 Manterá todas as reunións que o corpo técnico, coordinación e xunta directiva estimen oportunas.

7.22 Non utilizar o nome do clube sen permiso expreso da Coordinación Xeral.

7.23 Informar e coordinar co entrenador as convocatorias e alineacións nos partidos, coñecendo as circunstancias de cada xogador (lesións, enfermidades, ausencias, sancións, etc...)

7.24 Cando sexamos o equipo titular do terreo de xogo, temos as obrigas de designar un delegado de campo coas seguintes funcións:

7.30 delegado de campo, é o máximo responsable da seguridade do árbitro, así como das instalación e recintos deportivos e deberá:

7.3.1 Corroborar que o estado dos vestiarios de xogadores e árbitros son idóneos en canto a hixiene e limpeza.

7.3.2 Acompañar o árbitro a súa chegada ó recinto hasta o seu vestiario, debendo ser amable e cordial con él, e mostrarse a súa disposición para o que necesite.

7.3.3 Pondrán a disposición do árbitro, o menos una botella de auga de litro e medio e os rivais as que precisen, e presentarán as fichas dos xogadores tan pronto sexa posible ou o árbitro lle fixe a hora.

7.3.4 Porporcionará ós balóns cos que se disputarán os partidos e comprobara que están en perfectas condicións de uso. Procurará que non se perda ningún e entregará o rival 3 para o quencemento e o 1 árbitro.

7.3.5 Se ocupara de avisar ós xogadores do fin do quencemento, estando para a revisión de fichas e equipacións a disposición do árbitro, con 5 min. de antelación.

7.3.6 Durante o encontro estará atento as indicacións do árbitro, non permitindo que ninguha persoa non autorizada esté dentro do perímetro do terreo de xogo nin na zoa de vestiarios.

7.3.7 Finalizado o encontro, acompañará o colexiado dende o campo hasta o vestiario e protexelo se fose necesario, incluso fóra das instalacións hasta ó seu vehículo, una vez finalizada a súa labor e nos entregue a acta.

7.3.8 Igualmente una vez remate o encontro, se fose necesario, recollerá as fichas e o acta, pagando os honorarios e recollendo o recibo correspondente.

7.3.9 Solicitará a protección das forzas públicas e privadas ó requerimento do árbitro ou por iniciativa propia, si as circunstancias o aconsellan.

7.3.10 Controlará que nos vestiarios só se encontre o persoal autorizado.

7.3.11 Respetará e acatará as decisións da Xunta Directiva.

* Tamén será competencia súa ter os teléfonos de todos os pais/nais, xogadores e membros do seu equipo.

8 FAMILIARES.

Os familiares son parte moi importante nos equipos de fútbol base, dado que son os que mellor coñecen ós rapaces, sendo polo tanto o máximo exemplo coas súas actuacións e comentarios:

8.1 Levarán puntualmente ós seus fillos ós adestramentos e eventos cívicos e deportivos programados polo clube. Comunicando o antes posible, ó adestrador, a ausencia de calquera xogador ou calquera circunstancia que poda afectar a organización e desenrolo dalgunha actividade.

8.2 Asistirán as reunións e actos de formación programados polo clube.

8.3 Respetarán as decisións e indicacións do adestrador e coordinador.

8.4 Apoiarán ós seus fillos sen enterferir no traballos dos adestradores.

8.5 Deberán animar, axudar e colaborar en todo o que favoreza a marcha do clube, do que son una parte importante e necesaria para o bo funcionamento.

8.6 Procurarán favorecer a participación activa dos seus fillos evitando castigalos por medio do fútbol, xa que a superación e continuidade no deporte depende da súa colaboración. Tratarán de buscar outros recursos que non perxudiquen o xogador, ós seus compañeiros e o clube en xeral, sendo necesario un diálogo activo cos adestradores e coordinadores.

8.7 Utilizarán as formas de conducta correctas tanto en partidos

como en adestramentos. Evitando pronunciarse sobre o árbitro ou o equipo rival, en calquera lugar onde representen ó clube.

8.8 Utilizarán para presenciar os partidos e adestramentos as zoas habilitadas para tal fin, que son as gradas. En caso de non existir sitios hábiles, evitaran situarse detrás das porterías e banquillos.

Os vestiarios son só para xogadores e corpo técnico. Tendo os país prohibida a entrada.

8.9 Evitarán en todo caso facer comentarios técnico-tácticos ós adestradores e xogadores, poidendo sempre animar e aplaudir (procurando facelo ó conxunto do equipo e non a un xogador en individual).

8.10 Non presionarán ós xogadores nin manifestarán expectativas irreais. Os xogadores só teñen que divertirse e disfrutar do xogo.

8.11 Non valoraremos os resultados, sinon o esforzo, constancia, progresos, divertimento e o interese en mellorar.

8.12 Evitaremos os comentarios e comportamentos que poidan xerar estrés, desmotivación ou decepción; mostraremos o lado positivo das circunstancias que sempre as hai.

8.13 Entender que as competicións son parte do proceso de aprendizaxe e formación. Mantendo un equilibrio emocional tanto nos bos resultados como nos malos.

8.14 Non dirixirse os árbitros, xogadores nin facer ningún tipo de comentario de menosprezo as persoas, evitaremos e non responderemos as provocacións. Os país son un modelo de conducta, temos que controlar as nosas emocións inda que coste traballo.

8.15 Inculcaremos valores e actitudes que vaian máis alá do campo de fútbol, como respecto, diálogo, empatía, hábitos alimenticios, responsabilidade, etc.

8.16 Velarán polo cumprimento activo do presente Regulamento de Réximen Interno en todos os niveis da súa área.

8.17 Os familiares son responsables dos xogadores e dos seus actos,

de tal maneira, que si como consecuencia de un mal comportamento ocasionan incidentes con algún tipo de sanción o clube por calquera organismo federativo público ou privado, deberán asumir e abonar a sanción imposta.

Os familiares deben ser conscientes que o incumplimento das normas ou o non acatamento das mesmas, pode supor a expulsión do seu fillo ou familiar do clube, con independencia de que o clube se reserve o dereito a reclamar en orde xurisdiccional o importe dos danos.

8.18 Deberán solicitar cita previa para manter una entrevista e falar co adestrador ou coordinadores.

8.19 Teñen dereito a saber da marcha deportiva e o comportamento dos seus fillos.

9 INFRACIÓNS.

As faltas poden ser:

- LEVES.
- GRAVES
- MOI GRAVES.

***Son Faltas Leves:**

- As faltas inxustificadas e impuntualidade.
- As faltas inxustificadas, non reiteradas de asistencia a adestramentos e partidos.
- A actitude pasiva de adestramentos e partidos.
- Falta de respecto ou desconsideración hacia algún compañeiro, adestrador, árbitro, rival, público ou calquera persoa.
- Mal uso das instalacións ou material.
- Os actos de inxurias, indisciplina ou ofensa non graves.
- Tarxetas amarelas inxustificadas, malos hábitos hixiénicos ou de

saude.

- Calquera acto inxustificado que altere levemente o normal desenrolo das actividades do clube.

***Son Faltas Graves:**

- As faltas de asistencia inxustificadas reiteradas a adestramentos e partidos.

- A reiterada e continua falta de respecto hacia compañeiros, adestradores, árbitros, rivais público ou calquera outra persoa.

- Causar por uso indebido danos graves o material ou instalacións.

- Non acudir as convocatorias dun equipo.

- Actos inxustificados que alteren gravemente o normal desenrolo das actividades do clube.

- Tarxeta roxa inxustificada.

- Hábitos hixiénicos ou de saude inadecuados.

-A acumulación de 3 faltas leves.

- Outras que o clube considere graves.

***Son Faltas Moi Graves:**

- Os actos de indisciplina, inxurias ou ofensas moi graves contra membros do clube ou outros e o deterioro da imaxen do clube.

- A agresión física a membros do clube, compañeiros, rivais, etc.

- A acumulación de 3 faltas graves.

- Outras que o clube estime como moi graves.

10 Sancións.

Pola comisión das faltas enumeradas, impondranse as seguintes sancións:

Por faltas Leves:

- Amonestación privada.
- Amonestación por escrito que se comunicará ós país ou titores.
- Realización de tarefas de colaboración co clube ou outras actividades correctoras (nun período de tempo concreto, 2 ou 3 semanas).
- Suspensión da práctica deportiva (adestramentos e partidos) de 1 a 2 semanas.

Por Faltas Graves:

- Amonestación por escrito con un informe detallado que se comunicará os país ou titores.
- Realización de tarefas de colaboración co clube en adestramentos ou outras actividades correctoras da conducta de 4 a 6 semanas.
- Suspensión da práctica deportiva de 3 a 6 semanas.

Por Faltas Moi Graves:

- Amonestación por escrito con un informe detallado, que se comunicará ós país ou titores.
- Suspensión da actividade deportiva ou social, de 2 meses a 1 temporada ou a EXPULSIÓN DEFINITIVA.

+ A Xunta Directiva poderá acordar a anulación ou readmisión do previa petición e comprobación dun cambio positivo na actitude

COMITÉ SANCIONADOR.

O Comité Sancionador está composto polos seguintes membros:

- Presidente do Clube, ou persoa na que delegue.
- Dous membros da Xunta Directiva.

- Coordinador Xeral /Deportivo.
- Coordinador.



Escuelas de Fútbol Base Pastoriza